

ANEDIA

PLAN DE IGUALDADE

2021-2022



PLAN DE IGUALDADE 2021-2022

Contenido

| | |
|---------------------------|----|
| XUSTIFICACIÓN | 3 |
| PRESENTACIÓN DE ANEDIA | 4 |
| Introdución: | 7 |
| Formulación do Plan: | 8 |
| Diagnóstico da situación: | 8 |
| Planificación: | 9 |
| Responsables : | 11 |
| Revisión : | 11 |

XUSTIFICACIÓN

ANEDIA xorde pola necesidade de facer visible e sensibilizar á sociedade en xeral sobre a problemática que xera a Diabetes Tipo I no día a día, nas carencias que se poñen de forma manifesta a nivel familiar, médico, educativo, social e psicolóxico.

Preténdense buscar e dar respostas de calidade a estas problemáticas para facilitar o día a día destas persoas baixo os principios de igualdade de oportunidades, compensación de desigualdades, equidade e non discriminación.

Neste momento ANEDIA realiza case toda a súa labor coa axuda de voluntarios.

Pero inda non estando obrigada á implantación dun plan de igualdade pola Lei Orgánica 3/2007, de 22 de Marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dende a Xunta directiva de ANEDIA consideramos que é unha necesidade polo que no 2020 decidimos elaborar este plan de igualdade, para os anos 2021 e 2022, que terá unha revisión continua para adaptarse as necesidades da asociación e da propia realidade social.






PRESENTACIÓN DE ANEDIA

Anedia, asociación de nenas, nenos e xente nova con diabetes nace no 2013 froito da inquietude de varias familias con nenos e nenas con diabetes tipo 1 que atopan un montón de problemas a nivel educativo e sanitario non resoltos e sen atopar vías polas que facelo.

O movemento asociativo é fundamental para canalizar este tipo de demandas, formando parte do tecido social e comeza a súa andadura xa cun ámbito autonómico, Inscríbese no Rexistro Central de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2013/017387 sección 1 porque moitos dos problemas que se están a sufrir teñen unha solución de ámbito galego e desa forma comeza a traballar, buscando que a solucións cheguen a familias de toda Galicia.

Dende a súa fundación o número de socios vai en aumento ano tras ano, destacando os dous últimos crecendo mais dun 400% respecto ao ano no que comezamos a nosa andadura. Co incremento de socios, tamén aumenta a demanda de información, asesoramento, formación, e apoio por parte das persoas con diabetes tipo 1 e das súas familias.



No 2018-2019 prodúcese un cambio de estatutos onde se crea unha sección xuvenil para dar voz á xente nova cos 18 anos cumpridos, e acorde co decidido en asemblea amplíase ata os 29 anos.

Esta xente nova, levaba anos traballando para acadar logros na calidade de vida dos nenos e nenas con diabetes de Galicia, e tiñan un gran sentimento e implicación de pertenza con ANEDIA. Está claro que o movemento asociativo é fundamental para canalizar este tipo de demandas, e forma parte do tecido social.

Este cambio nos estatutos conleva unha actualización do noso nome, pasando a ser ASOCIACIÓN DE NENAS, NENOS E XENTE NOVA CON DIABETES DE GALICIA.

ANEDIA está inscrita neste ano 2020 no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social, asignándolle o número E7142.

No ano 2021, en novembro, facéndonos eco das solicitudes recibidas por moitos pacientes maiores de 29 anos con diabetes tipo I, sometimos a assemblea a posibilidade de retirar a idade máxima dos socios con diabetes tipo I. A proposta foi aprobada por maioría e adaptamos os nosos Estatutos para que calquera persoa con diabetes Tipo I poida ser socio de ANEDIA.

Aínda que ANEDIA ten ámbito autonómico, a nosa sede está sita na provincia de Pontevedra, na CASA AZUL do Concello de Pontevedra, adicada á colaboración con distintas entidades.



Introdución:

Con este plan de igualdade propoñemos un conxunto de medidas para analizar desde unha perspectiva de xénero e se é o caso, implementar accións adecuadas, tras facer un diagnóstico da situación actual na que se atopa a asociación e os seus integrantes.

| |
|--|
| Fases: |
| 1. Formulación do Plan |
| 2. Diagnóstico da situación |
| 3. Planificación (obxectivos, calendario de actuacións, axentes implicados, recursos necesarios, metodoloxía, comunicación e avaliación) |
| 4. Recollida de información, análise dos datos e propostas de actuación |
| 4. Elaboración do Plan (deseño de actuacións) |
| 5. Implantación (execución das accións previstas e calendario de implementación) |
| 6. Avaliación (seguimento, análise dos resultados e propostas de mellora) |

Formulación do Plan:

Tras a recollida de ideas previas xurdidas nas asembleas e actividades realizadas, tanto expostas polos socios/ as como pola xunta directiva.



Diagnóstico da situación:

Tras unha sondaxe realizada a través dun cuestionario pasado aos proxenitores, aos menores e aos socios/ as, queda patente a desigualdade con respecto ao coidado dos menores afectados pola enfermidade, comunicación cos sanitarios, visitas a hospitais e centros de saúde por citas e/ou ingresos, manutención, asistencia en xeral, solicitar redución de xornada ou excedencia para coidado do menor afectado por esta enfermidade, asistencia ou participación en actividades relacionadas coa enfermidade do/da menor...

Xa que a figura do cuidador principal realizase aproximadamente nun 90% dos casos por unha muller.

Planificación:

Obxectivos de igualdade que pretendemos alcanzar a curto, medio e longo prazo son:

- . analizar os datos obtidos tras pasar cuestionarios pasados aos socios/ as.
- . coñecer as necesidades, as posibilidades e os intereses dos participantes.
- . expor propostas de actuación óptimas @teniendo en cuenta o anterior.
 - . buscar asesoramento por parte de profesionais como psicólogos, pedagogos, sanitarios...
- . conseguir a igualdade de oportunidades para ambos os sexos en relación á participación activa en relación co coidado dos fillos/ as.

Calendario de actuacións: mensuais e trimestrais, @tendo en conta a situación COVID.

Axentes implicados neste plan:

- . A directiva da asociación
- . As familias (socios/ as)
- . Os destinatarios

Recursos necesarios:

- . materiais (bibliográficos, audiovisuais, dixitais...)
- . humanos (asociados, expertos...)
- . económicos (cotas, subvencións, doazóns...)



Avaliaranse dos seguintes aspectos:

Resultados: coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos expostos

Seguimento: analizar o desenvolvemento do proceso do Plan, a execución das actuacións, a adecuación de tempos, recursos e metodoloxías.

Reflexión: identificar erros, definir puntos débiles e fortes do Plan, propostas de mellora, ou sexa, facer a avaliación do Plan a través de indicadores e recoller todo na memoria.

Responsables :

As persoas encargadas deste plan serán D. Silvia Cantalapiedra e D. Elisa López Calvo, ambas pertencentes á directiva de ANEDIA,

Revisión :

Este plan será reevaluado cada 6 meses para comprobar a evolución da situación e tamén revisar os parámetros evaluables e as medidas a tomar, sendo a súa primeira revisión en Xuño de 2021.